



## PREINSCRICIÓN E MATRÍCULA NOS MÁSTERES UNIVERSITARIOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2020/2021

(Consello de Goberno do 27 de febreiro de 2020)

O procedemento de preinscripción e matrícula nos másteres universitarios da Universidade da Coruña realizarase en todo caso de acordo cos trámites establecidos na Normativa de xestión académica para o curso académico 2020/2021.

As persoas solicitantes acreditarán o cumprimento dos requisitos de acceso e admisión para cada máster, nos prazos sinalados para realizar a preinscripción. Sen prexuízo de que neses prazos poidan entregar presencialmente, mediante correo electrónico ou correo postal na administración do centro copias simples, deberán presentar a documentación esixida neste documento nos prazos indicados no apartado V.

### **I.- ACCESO DO ALUMNADO CON TÍTULOS UNIVERSITARIOS DE SISTEMAS EDUCATIVOS DO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR (EEES)**

Para acceder ás ensinanzas oficiais de máster será necesario estar en posesión dun título universitario oficial español ou outro expedido por unha institución de educación superior do espazo europeo de educación superior (EEES) (<http://www.eees.es/es/eees-paises-participantes>) que faculta no país expedidor do título para o acceso a ensinanzas de máster.

A preinscripción realizarase a través do formulario en liña da web da UDC (<https://matricula.udc.es/preinsMaster/identif.asp>). A documentación necesaria deberá remitirse ou entregarse persoalmente na administración do centro.

Unha vez publicada a relación definitiva de admitidos, estes matricularanse nos prazos establecidos a través da secretaría virtual do estudantado da UDC. A non formalización da matrícula no período establecido suporá a perda da correspondente praza, sendo necesario realizar unha nova preinscripción.

### **II.- ACCESO DO ALUMNADO CON TÍTULOS UNIVERSITARIOS DE SISTEMAS EDUCATIVOS ALLEOS AO EEES NON HOMOLOGADOS OU NON DECLARADOS EQUIVALENTES POLO MINISTERIO COMPETENTE**

Os titulados conforme sistemas educativos alleos ao EEES poderán acceder ás ensinanzas oficiais de máster sen necesidade da homologación dos seus títulos, logo de que a UDC comprobe que estes acreditan un nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españoles e que facultan no país expedidor do título para o acceso a ensinanzas de posgrao. O acceso por esta vía non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo do que estea en posesión a persoa interesada, nin o seu recoñecemento para outros efectos que o de cursar as ensinanzas de máster.

A preinscripción realizarase a través do formulario en liña da páxina web da UDC (<https://matricula.udc.es/preinsMaster/identif.asp>). A documentación necesaria deberá remitirse ou entregarse persoalmente na administración do centro e deberase presentar unha “solicitud de equivalencia de estudios estranxeiros”. No caso de resultar admitido, o alumnado poderá matricularse sen esperar pola resolución de equivalencia, pero aúa



matrícula quedará condicionada a que esta sexa favorable. No caso contrario, procederase de acordo co disposto no apartado V desta norma.

A solicitude de equivalencia aos correspondentes títulos españoles deberá dirixirse ao reitor da universidade e presentarse na administración do centro en que se solicita a preinscripción ao máster. A comisión académica do máster emitirá un informe sobre a adecuación académica dos estudos cursados e, tras considerar que acredita un nivel de formación equivalente ao de grao, informará sobre a posibilidade de acceso aos estudos do máster correspondente. Este informe remitirase ao Servizo de Organización Académica xunto coa documentación presentada e que se indica no apartado V c).

### **III.- RESERVA DE PRAZAS A ESTUDANTES CON DISCAPACIDADE**

Aobeiro do acordo adoptado polo Consello de Goberno do 29/03/2017, establecese unha reserva do 5% das prazas ofertadas para estudos de máster universitario para os estudiantes que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, así como para aqueles estudiantes con necesidades educativas especiais permanentes asociadas ás condicións persoais de discapacidade, que durante a súa escolarización anterior precisaran de recursos e apoio para a súa plena normalización educativa.

Os estudiantes deberán acreditar esa condición no momento de efectuar a preinscripción correspondente mediante un certificado oficial de cualificación e recoñecemento do grao de discapacidade, expedido polo órgano competente de cada comunidade autónoma.

A ordenación e adxudicación das prazas reservadas realizarase atendendo aos criterios de valoración que sexan de aplicación a cada máster.

As prazas obxecto de reserva destes estudiantes que queden sen cubrir serán acumuladas ás ofertadas pola Universidade polo réxime xeral en cada unha das convocatorias.

### **IV.- RESERVA DE PRAZAS PARA OS DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL E ALTO RENDEMENTO**

De acordo co disposto no artigo 9 do RD 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento, reservarase a porcentaxe que estableza a Xunta de Galicia nas prazas ofertadas para estudos de máster universitario, para quen acredite a condición de deportista de alto nivel e reúna os requisitos académicos correspondentes.

### **V.- DOCUMENTACIÓN ESIXIDA**

No relativo á presentación da documentación esixida, haberá que distinguir dentro do EEES, aos países membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo que non se lles esixe ningún tipo de legalización (relación destes países no anexo I), dos restantes países, que si deberán presentar a documentación legalizada.



**a) ALUMNADO CON TÍTULOS UNIVERSITARIOS DE SISTEMAS EDUCATIVOS DO EEEES DE PAÍSES MEMBROS DA UNIÓN EUROPEA OU SIGNATARIOS DO ACORDO SOBRE O ESPAZO ECONÓMICO EUROPEO**

Todas as solicitudes formuladas por persoas con títulos académicos esixibles deberán ir acompañadas, sen prexuízo do que estableza a Normativa de xestión académica para o curso 2020/2021, da seguinte documentación:

1. DNI, NIE ou pasaporte (con fotografía) en vigor
2. Título que dá acceso ao máster
3. Certificación académica ou SET e a nota media do expediente calculada segundo o sistema establecido no RD 1125/2003, do 5 de setembro

A comisión de cada máster poderá requerir, de o considerar preciso, a entrega doutra documentación.

Todos os documentos achegados á solicitude serán copias cotexadas, polo que deberán presentar orixinais e copias destes.

Para efectuar a matrícula, se no prazo de preinscrición só se entregaron copias simples, deberán presentar no prazo de reclamacións os orixinais para seren cotexados.

**b) ALUMNADO CON TÍTULOS UNIVERSITARIOS DE SISTEMAS EDUCATIVOS DO EEEES DE PAÍSES QUE NON SON MEMBROS DA UNIÓN EUROPEA OU SIGNATARIOS DO ACORDO SOBRE O ESPAZO ECONÓMICO EUROPEO**

As solicitudes formuladas por persoas con títulos académicos esixibles deberán ir acompañadas, sen prexuízo do que estableza a Normativa de xestión académica para o curso 2020/2021, da seguinte documentación:

1. DNI, NIE ou pasaporte (con fotografía) en vigor
2. Título que dá acceso ao máster
3. SET ou certificación académica en que conste:
  - Duración oficial en cursos académicos/semestres/etc.
  - Materias cursadas
  - Carga horaria/créditos de cada materia (1 crédito = 25 horas)E a nota media do expediente calculada segundo o sistema establecido no RD 1125/2003, do 5 de setembro.

A comisión de cada máster poderá requerir, de o considerar preciso, a entrega doutra documentación.

Todos os documentos achegados á solicitude serán copias cotexadas, polo que deberán presentar orixinais e copias destes.



**c) ALUMNADO CON TÍTULOS UNIVERSITARIOS DE SISTEMAS EDUCATIVOS ALLEOS AO EEEs NON HOMOLOGADOS OU NON DECLARADOS EQUIVALENTES POLO MINISTERIO COMPETENTE**

Todas as solicitudes formuladas por persoas con títulos académicos esixibles deberán ir acompañadas, sen prexuízo do que estableza a Normativa de xestión académica para o curso 2020/2021, da seguinte documentación:

1. DNI, NIE ou pasaporte (con fotografía) en vigor
2. Solicitud de equivalencia de estudos estranxeiros aos estudos oficiais españoles
3. Xustificante de teren realizado o pagamento do prezo público de solicitude de equivalencia de estudos estranxeiros
4. Título que dá acceso ao máster
5. Certificado expedido por autoridade competente que exprese que o título do que estea en posesión o interesado facilita, no país expedidor deste, para o acceso a ensinanzas de máster ou de posgrao; excepcionalmente, e de forma motivada polo interesado, poderase substituír por unha declaración responsable, de acordo co disposto no artigo 69.1 da LPAC e segundo o modelo publicado no Anexo correspondente da Normativa de xestión académica.
6. Certificación académica en que conste:
  - Duración oficial en cursos académicos/semestres/etc.
  - Materias cursadas
  - Carga horaria/créditos de cada materia (1 crédito = 25 horas)E a nota media do expediente calculada segundo o sistema establecido no RD 1125/2003, do 5 de setembro.

A comisión de cada máster poderá requirir, de o considerar preciso, a entrega doutra documentación.

Todos os documentos achegados á solicitude serán copias cotexadas, polo que deberán presentar orixinais e copias destes.

O alumnado dos apartados V.b) e V.c) deberá presentar a documentación esixida nos prazos de preinscripción; non obstante, de acordo co disposto no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando no momento da formalización da matrícula a persoa interesada non poida achegar a documentación requirida, bastará con que achegue unha copia simple do documento de que se tratar, acompañada dunha copia da solicitude da correspondente legalización ou apostila. En todo caso, se antes do inicio das datas de avaliación das materias do primeiro cuatrimestre a persoa interesada non presenta toda a documentación tal e como se exige nesta norma, o/a decano/a-director/a do centro proporá ao reitor que resolva sobre a anulación de matrícula, sen dereito, no seu caso, á devolución das taxas e prezos públicos.

Sen prexuízo da obrigada solicitude de preinscripción en cada título, a documentación requirida é válida para as distintas titulacións que se imparten no mesmo centro docente, polo que, no caso de solicitarse a preinscripción en máis dun máster, a persoa solicitante advertirá desta circunstancia á administración do centro e realizará unha soa entrega.

**VI.- REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR OS DOCUMENTOS MENCIONADOS NO APARTADOS V.b) e V.c)**

1. Deberán ser oficiais e expedidos polas autoridades competentes para isto.
2. O título que dá acceso ao máster e a certificación académica deberán presentarse legalizados, por vía diplomática ou, no seu caso, mediante a Apostila da Haia (\*\*).
3. No seu caso, deberán ir acompañados pola correspondente tradución oficial a calquera das dúas linguas oficiais na UDC, que deberá facer unha profesional da tradución xurada, español/a ou autorizado/a no país de orixe polo Consulado Español ([http://www.exteriores.gob.es/Portal/es/ServiciosAlCiudadano/Paginas/Traductoresas ---Int%C3%A9rpretes-Juradosas.aspx](http://www.exteriores.gob.es/Portal/es/ServiciosAlCiudadano/Paginas/Traductoresas---Int%C3%A9rpretes-Juradosas.aspx)). Non será precisa a tradución oficial cando se trate de documentos redactados en lingua inglesa, francesa, portuguesa ou italiana. Nestes casos bastará a tradución que realice a propia persoa interesada, prevalecendo, se houber discrepancia, a tradución que realice a UDC.  
No suposto de documentación traducida, deberán achegar copias de:
  - . Documentos orixinais sen traducir (sen selo da tradución xurada)
  - . Documentos orixinais traducidos (con selo da tradución xurada)
4. Todos os documentos achegados á solicitude serán copias cotexadas, polo que deberán presentar orixinais e copias destes.

**(\*\*\*) LEGALIZACIÓN DE DOCUMENTOS**

Os documentos expedidos no estranxeiro (títulos e certificacións académicas) deberán presentarse polos interesados legalizados, por vía diplomática ou, no seu caso, mediante a Apostila da Haia.

Para legalizar os documentos por vía diplomática deben ser presentados en:

- 1º Ministerio de Educación do país onde se expediron os documentos
- 2º Ministerio de Asuntos Exteriores do país onde se expediron os documentos
- 3º Representación diplomática o consular de España nese país

Para legalización de documentos expedidos por países asinantes do Convenio da Haia (véxase a relación destes países no anexo II), deben ser presentados:

- 1º Ministerio de Educación do país onde se expediron os documentos
- 2º Ministerio de Asuntos Exteriores do país onde se expediron os documentos

**VII.- PRAZOS DE PREINSCRICIÓN PARA O ALUMNADO CON TÍTULOS UNIVERSITARIOS DE SISTEMAS EDUCATIVOS DO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR (EEES)**

Establécense distintos prazos de preinscripción e matrícula nos másteres universitarios da UDC. No primeiro prazo ofertaranse todas as prazas e, nos sucesivos prazos, ofertaranse as prazas vacantes existentes do total de prazas ofertadas en cada máster. Os solicitantes preinscritos que non fosen chamados a matrícula constituirán unha listaxe de agarda que será utilizada en caso de que se produza unha vacante, antes de que comece o novo prazo de preinscripción.



Os integrantes da dita listaxe de agarda que non foren chamados a matrícula incorporaranse na lista provisional do segundo prazo sen necesidade de facer unha nova inscrición. Estas solicitudes, xunto coas novas do segundo prazo, serán baremadas realizándose unha nova ordenación para asignación das prazas vacantes.

Nos seguintes prazos procederase seguindo os mesmos trámites do prazo anterior.

<b>1.º PRAZO (maio-agosto de 2020)</b>	
1 de abril-10 de xullo	Preinscripción
15 de xullo	Publicación da listaxe provisional
15-17 de xullo	Reclamacións
22 de xullo	Publicación da listaxe definitiva
27 de xullo-2 de agosto	Matrícula
<b>2.º PRAZO (agosto-setembro de 2020)</b>	
19-31 de agosto	Preinscripción
4 de setembro	Publicación da listaxe provisional
4-8 de setembro	Reclamacións
11 de setembro	Publicación da listaxe definitiva
14-20 de setembro	Matrícula
<b>3.º PRAZO (setembro-outubro de 2020)</b>	
25 de setembro – 1 de outubro	Preinscripción
6 de outubro	Publicación da listaxe provisional
6 – 8 de outubro	Reclamacións
9 de outubro	Publicación da listaxe definitiva
12 - 18 outubro	Matrícula

#### **VIII.- PRAZOS DE PREINSCRICIÓN PARA O ALUMNADO CON TÍTULOS UNIVERSITARIOS DE SISTEMAS EDUCATIVOS ALLEOS AO EEES NON HOMOLOGADOS OU NON DECLARADOS EQUIVALENTES POLO MINISTERIO COMPETENTE, PARA O CURSO 2020/2021**

O Consello de Goberno do 27 de febreiro de 2019 estableceu e publicou un prazo extraordinario de preinscripción e matrícula, para os másteres universitarios da UDC, para estudantes de sistemas universitarios alleos ao EEES. En todo caso, o número total de estudantes admitidos non superará o 30% das prazas ofertadas (as prazas desta reserva que non se cubriren acumularanse para os prazos sinalados no apartado VII).

13 de xaneiro-30 de abril de 2020	Preinscripción
8 de maio de 2020	Publicación da listaxe provisional
8-18 de maio de 2020	Reclamacións
25 de maio de 2020	Publicación da listaxe definitiva
27 de xullo-2 de agosto (1.º prazo xeral)	Matrícula

Tendo en conta de que os estudantes provenientes de sistemas educativos alleos ao EEES poden solicitar a preinscripción nun máster nos prazos xerais previstos no apartado VII, se non o fixeron nos prazos establecidos neste apartado ou se non foron admitidos nestes prazos, as comisións de selección deberán ter en conta o seguinte:



Terán preferencia en todos os prazos sinalados no apartado VII os solicitantes provenientes de sistemas educativos do EEES sobre os solicitantes provenientes de sistemas universitarios alleos ao EEES, toda vez que estes tiveron os seus propios prazos así como unha porcentaxe de reserva de prazas.

#### **IX.- PRAZOS DE PREINSCRICIÓN PARA O ALUMNADO CON TÍTULOS UNIVERSITARIOS DE SISTEMAS EDUCATIVOS ALLEOS AO EEES NON HOMOLOGADOS OU NON DECLARADOS EQUIVALENTES POLO MINISTERIO COMPETENTE, PARA O CURSO 2021/2022**

Coa finalidade de facilitar a planificación de accións de internacionalización e acceso aos másteres universitarios destes estudiantes, os prazos previstos para a vindeira edición, correspondente ao 2021/2022 serán os que se indican na seguinte táboa.

O número total de solicitantes admitidos nestes prazos non poderá superar o 30% das prazas ofertadas en cada máster. Estes solicitantes deberán cumplir os requisitos de acceso e de admisión na forma establecida neste documento.

16 de xaneiro-30 de abril de 2021	Preinscripción
10 de maio de 2021	Publicación da listaxe provisional
10-14 de maio de 2021	Reclamacións
25 de maio de 2021	Publicación da listaxe definitiva
Primeiro prazo xeral (para determinar)	Matrícula

**Anexo I** Países participantes do EEEs membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo

ALEMAÑA	ESLOVENIA	IRLANDA	PAÍSES BAIXOS	SUECIA
AUSTRIA	ESPAÑA	ISLANDIA	POLONIA	SUÍZA (por acordo bilateral coa UE)
BÉLXICA	ESTONIA	ITALIA	PORTUGAL	
BULGARIA	FINLANDIA	LETONIA	REINO UNIDO	
CHIPRE	FRANCIA	LIECHTENSTEIN	REPÚBLICA CHECA	
CROACIA	GRECIA	LUXEMBURGO	REPÚBLICA ESLOVACA	
DINAMARCA	HUNGRÍA	MALTA	ROMANÍA	

**Anexo II** Países asinantes do Convenio da Haia

ACERBAIXÁN	CHILE	INDIA	MONGOLIA	SAN MARINO
ALBANIA	CHIPRE	IRLANDA	MONTENEGRO	SAN VICENTE E AS GRANADINAS
ALEMAÑA	COLOMBIA	ISLANDIA	NAMIBIA	SANTA LUCÍA
ANDORRA	COOK, ILLAS	ISRAEL	NICARAGUA	SANTO TOMÉ E PRÍNCIPE
ANTIGUA E BARBUDA	COREA	ITALIA	NIUE, ILLA	SERBIA
ARMENIA	COSTA RICA	KAZAJSTÁN	NORUEGA	SEYCHELLES, ILLAS
ARXENTINA	CROACIA	KIRGUIZISTÁN	NOVA ZELANDIA	SUECIA
AUSTRALIA	DINAMARCA	LESOTHO	O SALVADOR	SUÍZA
AUSTRIA	DOMINICA	LETONIA	OMÁN	SURÁFRICA
BAHAMAS	ECUADOR	LIBERIA	PAÍSES BAIXOS	SURINAME
BAHREIN	EE.UU.	LIECHTENSTEIN	PANAMÁ	SWAZILANDIA
BARBADOS	ESLOVENIA	LITUANIA	PARAGUAI	TAXIQUISTÁN
BELARÚS	ESPAÑA	LUXEMBURGO	PERÚ	TONGA
BELIZE	ESTONIA	MACAO	POLONIA	TRINDADE E TOBAGO
BÉLXICA	FIDXI	MACEDONIA	PORTUGAL	TUNISIA
BOLIVIA	FINLANDIA	MALAWI	REINO UNIDO	TURQUÍA
BOSNIA-HERCEGOVINA	FRANCIA	MALTA	REP. DOMINICANA	UCRAÍNA
BOTSWANA	GRANADA	MARROCOS	REPÚBLICA CHECA	URUGUAI
BRASIL	GRECIA	MARSHALL, ILLAS	REPÚBLICA ESLOVACA	UZBEKISTÁN
BRUNEI	GUATEMALA	MAURICIO, ILLA	ROMANÍA	VANUATÚ
BULGARIA	HONDURAS	MÉXICO	RUSIA, FEDERACIÓN DE	VENEZUELA
BURUNDI	HONG-KONG	MOLDAVIA	SAMOA	XAPÓN
CABO VERDE	HUNGRÍA	MÓNACO	SAN CRISTÓBAL E NIEVES	XEORXIA